

25 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DA MURALLA DE LUGO COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Este 30 de novembro fai 25 anos que a muralla romana de Lugo foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Ademais, en 2025 tamén tivo lugar o décimo aniversario da súa inclusión como un dos bens individuais do camiño primitivo (nº ref. 669Bis-008), dentro da ampliación da declaración do *Camiño de Santiago en España a Camiños de Santiago de Compostela: Camiño francés e Camiños do norte de España*.

No marco destas efemérides, desde o Museo Provincial de Lugo lembramos a gran relevancia que a muralla ten para a nosa cidade e para todos os/as lucenses. Por unha banda, o pasado mes de abril organizamos as “VIII Xornadas de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense” baixo o epígrafe de “Muralla romana de Lugo: *ann XXV in tabula mirabilivm* e, por outra, aproveitamos a data do aniversario da súa declaración para dar a coñecer as pezas do museo que, dun xeito ou doutro, gardan relación con ela.



Plano topográfico da cidade de Lugo. Pedro Menchaca e Saturnino Castilla. Ca. 1812
Arquivo do MPL




Vista aérea actual da cidade de Lugo
www.googlemaps.com

A presenza deste ben cultural é unha constante en calquera imaxe ou representación da nosa cidade, destacando polo seu protagonismo no marco urbanístico desta. É o caso do *Plano topográfico da cidade de Lugo* (ca. 1812) que se conserva no Arquivo do MPL,

no que pode verse como o perímetro da muralla delimita o escaso desenvolvemento urbano que Lugo presentaba a comezos do s. XIX, algo que contrasta coa imaxe actual do monumento romano, que se atopa inserto no centro da cidade, enmarcado polas edificacións construídas a medida que esta foi medrando.

Tamén aparece representada na obra dos artistas expostos no MPL. Así por exemplo, Maruja Mallo escolleu unha vista da Mosqueira para plasmala na súa *Guía Postal de Lugo*, considerándoa como un dos elementos representativos da cidade e da provincia, e Manuel Colmeiro pintou os seus cubos cilíndricos na *Vista de Lugo con Muralla*, mostrándonos unha paisaxe de *extramuros* de aparencia fundamentalmente rural.



Detalle da *Guía postal de Lugo*. Maruja Mallo. 1929
Sala 14 do MPL



Vista de Lugo con muralla. Manuel Colmeiro. 1934
Sala 14 do MPL

Por outra banda, Blas Lourés elixiu diferentes perspectivas para mostrar a súa estrutura e os seus paramentos na obra *A muralla*, mentres que Julio Quesada inmortalizou unha vista da cidade desde o seu adarve en *Paisaxe urbana de Lugo*. Un aspecto que cabe destacar desta pintura é que o artista representou a varias figuras humanas paseando pola muralla, un acto cotián que se repite cada día da man de lucenses e visitantes, evidenciando a súa importancia como espazo habitado pola comunidade da que forma parte.



A muralla
Blas Lourés



Paisaxe urbana de Lugo
Julio Quesada. 1984

O MPL conserva, ademais, diversas instantáneas da muralla nos seus fondos fotográficos. Neste sentido, cómpre mencionar as fotos realizadas polo lucense Salvador Castro Freire, que nos permiten coñecer como era o seu aspecto e o dalgunha das súas portas nos primeiros anos do século XX, as do fondo de José Trapero Pardo (vid., por exemplo, <https://comunidadermpl.gal/9769-2/>) ou as imaxes captadas polo fotógrafo alemán Peter Schneider, que amosan unha versión actual e humanizada do monumento.



Obras de construción da porta de Emilio Castelar
Salvador Castro Freire. 1919

Por último, cabe salientar que o MPL conta cunha importante colección de pezas epigráficas que foron achadas na muralla e nas súas inmediacións. Trátase dun conxunto de aras votivas e placas funerarias que actualmente se expoñen no claustro (sala 3) do museo, testemuñas pétreas do pasado romano de Lugo que a muralla nos lembra, cada día, coa súa presenza.



Colección de epigrafía romana procedente da muralla de Lugo
Sala 3 (claustro) do MPL

Negociado de Coleccións do MPL
VGS